

MEMORIA DA PRESIDENCIA

Neste mandato 2023-2027, concédeseme a honra de presentar ante vostedes, representantes da cidadanía que conforman o Pleno da Corporación, un novo Proxecto de Orzamentos, neste caso para o vindeiro exercicio 2026.

Para a elaboración deste Proxecto de Orzamentos, a Deputación da Coruña non foi allea ao novo contexto actual, continuando coa adopción de medidas extraordinarias inmediatas de contención do impacto económico e social, de apoio, en definitiva, aos concellos da provincia, que son os que estiveron e están en primeira liña das diferentes crises que aínda estamos a padecer.

PRIMEIRO.- RESUMO DO ANTERIOR MANDATO 2019-2023

No espazo dedicado a facer unha “*memoria telegráfica*” das accións que ocuparon o anterior mandato da Corporación Provincial no período 2019-2023, considero necesario facer tres apartados:

1.- Unha primeira área da actividade provincial é a relativa a dar continuidade e profundar en liñas de accións que constituíron a actividade anterior da Deputación:

- Plans provinciais:

Denominación do Plan	Aplicación Orzamentaria	Exercicio 2019		Exercicio 2020		Exercicio 2021		Exercicio 2022	
		Créditos iniciais	Créditos definitivos	Créditos iniciais	Créditos definitivos	Créditos iniciais	Créditos definitivos	Créditos iniciais	Créditos definitivos
C.E.L. Plan de Obras e servizos (POS+) Achea anticipada no exercicio anterior	0430/459/46201	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.000.000,00	0,00	0,00
	0430/459/76201	0,00	16.800.000,00	0,00	8.700.000,00	0,00	26.100.000,00	0,00	17.400.000,00
C.E.L. Plan de Obras e servizos (POS+) Acheas do propio exercicio	0430/459/46201	21.000.000,00	21.000.000,00	16.000.000,00	25.000.000,00	12.000.000,00	12.000.000,00	13.500.000,00	13.500.000,00
	0430/459/76201	5.500.000,00	44.500.000,00	2.500.000,00	12.500.000,00	3.000.000,00	28.000.000,00	6.500.000,00	48.500.000,00
C.E.L. POS Préstamo Provincial	0430/943/821...	18.200.000,00	18.200.000,00	22.700.000,00	22.700.000,00	5.500.000,00	5.500.000,00	1.500.000,00	1.500.000,00
POS+ Social	0611/23126/46201	0,00	0,00	0,00	0,00	14.000.000,00	14.000.000,00	5.000.000,00	6.665.954,79
	0611/23126/76201	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2.000.000,00	334.045,21
Total POS+		44.700.000,00	100.500.000,00	41.200.000,00	68.900.000,00	34.500.000,00	89.600.000,00	28.500.000,00	87.900.000,00
Plan de Conservación de vías provinciais	0410/4531/61900	8.000.000,00	8.000.000,00	8.000.000,00	8.000.000,00	8.000.000,00	8.000.000,00	10.200.000,00	10.200.000,00
Plan de Inversións de vías provinciais	0410/4531/60900	3.500.000,00	3.500.000,00	3.500.000,00	5.684.080,77	3.500.000,00	9.245.725,35	1.695.000,00	10.341.858,34
Plan de Travesías	0410/4533/60900	1.650.000,00	1.650.000,00	1.650.000,00	2.070.009,20	1.650.000,00	2.197.195,27	1.130.000,00	2.377.135,10
Plan Sendas peonís	0410/4535/60900	1.650.000,00	1.650.000,00	1.650.000,00	2.274.100,64	1.650.000,00	4.995.345,80	1.130.000,00	1.732.717,69
Total Plans de estradas		14.800.000,00	14.800.000,00	14.800.000,00	18.028.190,61	14.800.000,00	24.438.266,42	14.155.000,00	24.651.711,13
Plan de Empleo Local (PEL)	... /24100/ ...	9.824.739,41	16.339.508,14	9.149.485,31	28.004.410,30	10.000.000,00	25.675.288,02	12.632.250,00	20.426.282,01
TOTAL DE TODOS OS PLANS		69.324.739,41	131.639.508,14	65.149.485,31	114.932.600,91	59.300.000,00	139.713.554,44	55.287.250,00	132.977.993,14

- Asistencia aos concellos da provincia nos ámbitos xurídico, económico, tributario, informático e urbanístico.
- Fomento dos servizos sociais, da cultura, do deporte, da lingua, etc..., tanto directamente dende a Deputación como en colaboración cos concellos ou outras entidades de titularidade municipal así como con entidades privadas sen ánimo de lucro.
- Actividades en colaboración cos entes dependentes: Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC); así como con outras entidades públicas como o Consorcio de Turismo e Congresos, o Consorcio para a Promoción da Música, etc...
- O sistema de información Europe-Direct.

2.- Un segundo apartado, que reflicte a posta en marcha de novos proxectos que se encontrarían pendentes de execución ou simplemente de finalización:

- Carril-bici metropolitano.
- Formación financiada polo Fondo Social Europeo (FSE) para a inserción laboral de colectivos con especiais dificultades.
- Implantación da Administración electrónica na Deputación e nos concellos.
- Programas de transparencia e de Protección de Datos.

3.- Un terceiro apartado que se refire aos novos proxectos, xestionados integramente pola corporación anterior:

- A definición, regulación e aplicación dun novo modelo de cooperación cos concellos da provincia, a través do Plan de Obras e Servizos POS +.
- A elaboración e execución dun ambicioso Plan de Emprego Local.
- A aprobación dun Plan Director de Mobilidade.
- A definición e aprobación inicial da participación da Deputación en proxectos relacionados cos Camiños de Santiago.
- Os xeoparques.
- O proxecto Ecosistema dixital sector audiovisual de Galicia.
- O proxecto Concello Dixital.

SEGUNDO.- PROXECTOS ESTRATÉXICOS DESENVOLVIDOS NO PERÍODO 2019-2023

1) O Plan de Obras e Servizos dirixido aos concellos da provincia (POS +)

Neste Plan procuráronse distintos obxectivos:

- a) Reunir nun so fondo de financiamento municipal todas as accións, plans especiais e subvencións provinciais dirixidas aos concellos da provincia. Isto permite a aplicación de criterios obxectivos de asignación dos recursos dispoñibles, reduce os custos da xestión administrativa provincial e municipal, permite a programación temporal dos servizos e dos investimentos e mellora a transparencia na xestión pública local.

- b) O POS+ tamén permitiu converter aos concellos en protagonistas das súas decisións e da súa xestión, ao poder determinar coa maior autonomía posible o destino dos fondos que lles son asignados. Elimínase así o perverso paradoxo das subvencións finalistas nas que o ente concedente decide o seu destino e o concello pode ver como conta con recursos para unha finalidade non prioritaria mentres non pode abordar proxectos estratéxicos para a calidade de vida dos seus cidadáns.

Os recursos provinciais destinados ao POS+ alcanzaron neste período máximos históricos que permitiron aos concellos realizar obras municipais programadas, reducir ata eliminar o endebedamento con entidades financeiras e o seu custo, mellorar o período medio de pago aos seus provedores e atender os gastos correntes que resultan da prestación de servizos municipais esenciais e financiar con maiores recursos os servizos sociais municipais orientados aos cidadáns en situación máis vulnerable.

A creación do Plan Único xa no 2017 (POS+) supuxo a multiplicación por 4 dos fondos que a Deputación achega aos concellos para financiar obras e servizos, pasando de 25 millóns no ano 2016 a 90 millóns no 2017. Hoxe os concellos coruñeses reciben entre 4 e 5 veces máis fondos que nos mandatos anteriores. A Deputación da Coruña investiu nos concellos dende 2017 máis de 560 millóns e financiou 3.920 obras.

ANO	A FONDO PERDIDO	A PRÉSTAMO	TOTAL
2017	66,5 M	21,5 M	90 M
2018	71,4 M	23,5 M	94,9 M
2019	82,3 M	18,2 M	100,5 M
2020	46,2 M	22,7 M	68,9 M
2021	81,4 M	5,5 M	89,6 M
2022	86,4 M	1,5 M	87,9 M
2023	88,5 M	0,5 M	89 M

O seu carácter dinámico e adaptativo púxose a proba no período 2020-2021, no que o Plan Único mostrouse como unha ferramenta útil para encaixar as dificultades da pandemia e a crise da inflación. A través do plan foi posible dotar de recursos extra aos

concellos para abordar o incremento de custos dos servizos municipais, mediante o POS COVID, o POS SOCIAL, e a revisión excepcional de prezos dos contratos de obras.

2) O Plan de Emprego Local (PEL)

Este Plan ten diferentes destinatarios e un fin común: Mellorar cuantitativamente e cualitativamente o emprego na provincia e fomentar a actividade económica e o emprendemento.

Os eixos do PEL deseñados para tal fin son os seguintes:

a) **PEL-CONCELLOS:** Apoio a todos concellos da provincia na creación de empregos para a prestación de servizos municipais básicos a través de axudas á contratación de persoas desempregadas en risco de exclusión laboral para a prestación de servizos municipais imprescindibles, acordes ás competencias definidas nos artigos 25 e 26 da Lei reguladora das bases do réxime local.

b) **PEL-EMPRENDE:** Que inclúe:

i) **PEL-Emprende Investimento:** Apoio á creación de empresas no ámbito local a través do apoio ao investimento en bens inventariables relacionados coa actividade empresarial.

ii) **Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo:** o PEL foi pioneiro á hora de impulsar esta Rede a nivel provincial vai xa 5 anos.

A Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo é unha Rede sui generis, única na súa especie. Está formada por 12 centros distribuídos ao longo e ancho da provincia é especializados nos sectores máis puxantes da zona na que se localizan.

Ademais, grazas a Rede da Deputación esta oportunidade chega tamén ao rural, xa que a meirande parte dos coworking localízanse en concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, proporcionando unha oportunidade de

autoemprego á mocidade do rural, contribuíndo deste xeito a Rede Coworking a reter o talento local e evitar o despoboamento.

A día de hoxe atópanse adheridos os centros de Emprende-LAB Barbanza de Boiro, Daquí Darredor en Brión, o coworking Carballo, o espazo A Proa de Ames, o Centro Comarcal de Apoio ao Desenvolvemento Rural de Moeche, o coworking da Capela, o Green Coworking en As Pontes, o centro de emprendemento A Estación de Vedra, o coworking da Pobra, o coworking dixital Compostela en Santiago, A Casa do Pescador de Miño e, como buque insignia da rede, o coworking do Pazo de Arenaza de Oleiros.

- iii) **PEL-AUTÓNOM@S:** A Deputación da Coruña recoñece o importante papel que xogan as persoas autónomas no tecido económico provincial, polo que no ano 2021 puxo en marcha unha liña específica para aliviar a súas cargas financeiras, subvencionando unha parta das cotas á Seguridade Social.

Con esta liña apoiase ás persoas emprendedoras que poñen en marcha negocios nos concellos máis rurais da provincia contribuíndo, deste xeito, á loita contra o despoboamento e dinamizando as economías locais.

- c) **PEL-PEMES:** Esta liña trata de fomentar a inserción laboral nas empresas situadas en concellos de menor poboación (de menos de 20.000 habitantes), favorecendo o emprego estable e de calidade a nivel local. Estes programas de axudas á contratación para a creación, ampliación e mantemento do cadro de persoal de pemes e microempresas, subvencionan o soldo e seguridade social para a contratación e mantemento do traballador durante un período máximo de 24 meses. Desta maneira favorécese o emprego estable e de calidade a nivel local das persoas traballadoras con maiores dificultades de inserción laboral no ámbito local.
- d) **PEL-FINANZAMENTO EUROPEO:** Deseñáronse e presentáronse candidaturas ás convocatorias de programas de financiamento da Unión Europea que máis se adecúan aos obxectivos do PEL.

Os proxectos aprobados ata o momento son:

- i) EIXO "Estratexia de Inserción" (PO Emprego Xuvenil. FSE)
- ii) PEL-Emprego Sostible no ámbito rural (Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (AP-POEFE. FSE)
- iii) PEL-Relevo (Programa Operativo de Emprego Xuvenil. FSE)
- iv) PEL-Rurinnova (Programa Operativo de Emprego Xuvenil. FSE)
- v) GEFRECON - Xestión forestal conxunta para a prevención de incendios en territorio (POCTEP)

Estes proxectos supoñen un investimento de 7.213.298,31 €, dos que 2.133.713,48 € son de fondos propios e 5.079.584,83 € son de financiamento europeo.

Os resultados do PEL, en datos, máis elocuentes que as palabras, son os seguintes:

- 6.335 empregos creados.
- 2.553 empresas novas apoiadas.
- 1.843 profesionais autónomos subvencionados.
- 4.483 subvencións concedidas a empresas afectadas pola pandemia ou polas consecuencias da invasión de Ucraína.
- Máis de 10.000 solicitudes de subvencións en trámite.
- Posta en marcha de 12 espazos coworking, con 160 coworkers.
- Mobilización de case 125 millóns de euros en programas de emprego entre 2016 e 2023.

3) Traballamos e dotamos de recursos a mellora continua dos servizos provinciais a favor dos concellos da provincia con proxectos de mellora continua en todos os ámbitos:

- Asistencia tributaria
- Asistencia xurídica
- Asistencia económica
- Asistencia técnica, arquitectura e urbanismo
- Asistencia técnica-contable
- Asistencia técnica-informática e de sistemas
- Apoio na tramitación de Fondos Europeos Next Generation.

4) Como consecuencia do confinamento pola pandemia da Covid e, posteriormente, con motivo da alza súbita e significativa do prezo da enerxía, a institución provincial que

presido foi quen de atender as necesidades de cidadáns de forma inmediata e moi áxil. Así tramitáronse **liñas de subvencións de emerxencia** a favor das persoas e dos sectores afectados por estas situacións

AXUDA	INVESTIMENTO	CONCEDIDAS
PEL-Reactiva I (fondo para os concellos)	9.949.470,39	88
PEL-Reactiva I (HOSTALARÍA)	3.958.500,00	2.639
MUR-Combustible	4.998.000,00	1.666
PEL-Concellos Orquestras e Verbenas	623.541,75	79
TOTAL	19.529.512,14	4472

Grazas ao empeño de todos, políticos e funcionarios, conseguíuse tramitar esta achegas en tempo de marca, nalgúns casos en menos de 24 horas.

5) A área de servizos sociais ten sido un dos ámbitos fundamentais de actuación deste mandato. Nos últimos anos, incrementáronse nun 137% os investimentos en benestar social. O programa de servizos sociais comunitarios (FOPPSS) pasou de 4 millóns no 2015 a 8,6 millóns no 2023, financiando 411.000 horas e incrementando os profesionais contratados nos concellos que pasaron de 90 a 179. Aumentan tamén de 196 a 279 as entidades sociais que recibiron apoio económico da Deputación Provincial.

6) Puxemos todo o noso empeño en acceder nas mellores condicións posibles aos Fondos Europeos dispoñibles. Particularmente procuramos que a deputación e os concellos poidan aproveitar todas as oportunidades. Para tal fin leváronse a cabo numerosas actividades:

- a) Creación dunha **Oficina de Información e asesoramento para acceder aos Fondos Next Generation**. Trátase do primeiro centro de Galicia especializado na captación de fondos Next Generation para os concellos. Así, dende o inicio da súa actividade no mes de marzo do ano 2022 lévanse analizado e informado sobre un total de 1502 asesoramentos especializados; realizando máis de 99 visitas directas, persoais e presenciais a concellos para a identificación dos seus intereses; ou realizando máis de 6.000 accións de información e asesoramento a concellos,

entidades, empresas ou particulares, xa que o servizo de información e asesoramento sobre fondos Next Generation non se limita exclusivamente a concellos, senón que tamén se ofrece ás empresas e á cidadanía interesada. Ata finais do exercicio 2023 téñense mobilizado a través da oficina máis de 10 millóns de euros dos fondos Next Generation para a nosa provincia.

- b) Tramitación de numerosas solicitudes que xa se materializan en resultados prácticos en forma de proxectos con financiamento confirmado: Oficina Acelera Pyme, IOAE, ...
- c) Convenios con outras Administracións Públicas para a obtención e/ou xestión de Fondos Next Generation.

7) Por último hai que destacar a **aposta neste mandato polo rural**. Todas as actuacións mencionadas teñen un nexo común que é a aposta polo rural, un rural vivo, con infraestruturas, emprego e servizos de calidade. Estamos a dar un paso máis e, fronte a outras administracións, amosamos o noso compromiso, con feitos, e iniciamos nesta lexislatura a descentralización de oficinas e centros de dinamización empresarial (OFICINA Capela e Acelera Pymes).

A creación e execución de todos estes programas e actuacións supuxeron un reto para a Deputación da Coruña, unha institución bicentenaria, que foi capaz, neste mandato, de dar un salto cualitativo e ofrecer unha resposta áxil e eficaz as necesidades de cidadáns e concellos ante os desafíos do presente e o futuro.

TERCEIRO.- PROXECTO DE ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2026

Mantendo a continuidade na política de rigor e contención do gasto corrente, enuméranse de seguido algún dos fundamentos dos que se partiu para a cuantificación dos distintos capítulos de gastos e ingresos do orzamento:

A) PREVISIÓNS DE INGRESOS

- 1) As previsións de ingresos totais para o exercicio 2026 ascenderán a 256.550.000,00 €, o que supón un incremento do 6,67% sobre as previsións iniciais do exercicio 2025.

- 2) O concepto de ingreso de máis importancia en termos tanto absolutos como relativos constitúe o apartado xenérico de participación nos tributos do Estado. Nas previsións por este concepto é necesario deducir o resultado das liquidacións definitivas dos exercicios 2008, 2009 cuxa devolución orixinada por una inadecuada previsión estatal segue afectando á sustentabilidade da Facenda Provincial.
- 3) No apartado dos recursos propios provinciais destacaríase tres realidades que me parecen significativas neste momento:
- a) Adoptouse unha vez máis, o acordo de manter as tarifas das taxas e prezos públicos provinciais por razón do carácter cultural, educativo ou social do seu contido o que de feito supón practicamente manter a capacidade de financiamento actual dos servizos provinciais, que é moi inferior ao seu custo real e efectivo.
 - b) Propómonos manter a porcentaxe para determinar a entrega a conta aos Concellos que nos encomendaron a recadación dos seus tributos no 98% da súa recadación previsible. Desta forma os Concellos usuarios dos servizos de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria Provincial disporán mensualmente dun anticipo a conta da recadación dos seus tributos ou, o que é o mesmo, disporán dunha operación de tesourería sen custo financeiro algún que lles permitirá:
 - Estimar con precisión as súas cobranzas mensuais.
 - Elaborar o seu Plan de Disposición de Fondos.
 - Atender con puntualidade as súas obrigacións de pago.
 - c) Mantense a ampliación do ámbito de xestión provincial para permitir a instrución e recadación das sancións municipais en materia de tráfico como un servizo máis aos Concellos da Provincia que delegaron este labor para aproveitar as vantaxes operativas que comporta un servizo de ámbito provincial para esta finalidade. Tamén se dedican novos recursos á revisión e actualización de valores catastrais naqueles termos municipais nos que transcorreu máis tempo desde a última actualización. Así mesmo, están a facerse xestións para ampliar substancialmente os recursos humanos e materiais destinados á xestión do Imposto de Bens Inmóveis, a Atención

Persoal ao Contribuínte e a información catastral, co obxecto de optimizar os seus labores.

- 4) No exercicio 2026 non se contempla ningunha operación de crédito e non é precisa dotación algunha para intereses ou amortizacións ao non existir débeda con entidades financeiras. Isto supón manter a situación de débeda "cero" e, por tanto, non trasladar ao futuro o custo financeiro dos investimentos do presente.
- 5) Non se contempla ingreso algún pola participación nos tributos da comunidade Autónoma. En efecto, como é sabido, a actual regulación do Fondo Galego de Cooperación local non contempla ás Deputacións Provinciais entre os seus destinatarios. É a miña obrigaón institucional manifestar, unha vez máis, que estase incumprindo, ao meu modo de ver, o mandato contido no artigo 142 da Constitución Española xa que, cando establece que “as entidades locais participarán nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas” refírese a todas as Entidades Locais enumeradas nos artigos anteriores o propio texto constitucional, é dicir, os municipios e as provincias.
- 6) Tampouco se inclúen previsións por outros ingresos que xestiona a Comunidade Autónoma e que deberan contemplar aos concellos e ás deputacións como partícipes na recadación correspondente:
 - a) Participación nos recursos obtidos pola Xunta de Galicia dos Fondos Estruturais da Unión Europea.
 - b) Participación no canon eólico a través do Fondo de Compensación Ambiental mediante asignacións obxectivas aos concellos a ás deputacións.
 - c) Participación no canon da auga e no canon de xestión das depuradoras.

Dende logo que segue a ser unha prioridade deste Equipo de Goberno realizar un gasto responsable e, como consecuencia disto, non se gastará máis do que nos permiten os nosos recursos dispoñibles, máxime tendo en conta que serán novamente de aplicación as regras fiscais.

B) PREVISIONS DE GASTOS

Os orzamentos para o próximo exercicio están dirixidos a desenvolver o gran potencial co que conta o noso territorio, e crear un escenario de oportunidades para as novas xeracións de coruñeses e coruñesas, especialmente no rural, co ambicioso obxectivo de vencer o reto poboacional e demográfico.

Podemos sinalar como eixos de actuación desta estratexia provincial os seguintes:

- A xeración de riqueza, o apoio ao tecido produtivo e ao emprendemento.
- Favorecer a cohesión e o equilibrio territorial e social grazas a unha adecuada dotación de infraestruturas e servizos en todo o territorio, capaz de garantir a sustentabilidade ambiental, o benestar social, e a igualdade de xénero e de oportunidades.
- A loita contra o despoboamento.
- A transformación dixital da administración e das empresas, e a inclusión dixital da cidadanía.
- A aposta pola innovación e a atracción do talento.
- A protección do patrimonio cultural.
- A extensión da protección social.
- A loita contra a desigualdade.

Todos estes obxectivos concrétnanse e materialízanse nas propostas contidas no estado de gastos do orzamento provincial para o exercicio 2026 que podemos sintetizar nos seguintes apartados:

1) Continuaremos a execución de programas xa iniciados e que consideramos nestes momentos do máximo interese:

a) O Plan de Infraestruturas Provinciais que terá un incremento do 39,47% (7.463.272,05) ata alcanzar os 26,3 millóns no orzamento de 2026 co seguinte detalle:

DOTACIÓN ORZAMENTARIA DOS PLANS DE INFRAESTRUTURAS PROVINCIAIS	
DENOMINACIÓN DO PLAN	IMPORTE
PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS	15.108.716,99
PLAN DE INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS	5.415.014,99
PLAN DE SENDAS PEONÍS	5.089.440,07
PLAN PROVINCIAL DE ESTRADAS A TRANSFERIR	760.000,00
TOTAL PLANS	26.373.172,05

- b) O Plan de Obras e Servizos Municipais POS+ 2026, que tamén incrementa significativamente os importes da súa dotación total. Segundo a dotación inicial, o Servizo de Xestión de Plans disporá dun crédito total de 33.000.000,00 €, aos que hai que engadir os 47.000.000,00 € incluídos no EMC 6/2025 como achega anticipada ao POS+ 2026. E un ano máis inclúese a maiores unha dotación de 8.000.000,00 € para unha liña específica denominada POS+ SOCIAL cuxa finalidade é reforzar os servizos sociais municipais.

En total o POS+ 2026 contará inicialmente con 88.000.000,00 €, o que supón un incremento respecto do exercicio anterior de 1.000.000,00 €.

E é importante resaltar que se anticipará aos concellos que opten por dedicar total ou parcialmente a súa asignación no POS+ a gasto corrente o 100 por 100 do importe que decidirán, para financiar o funcionamento operativo dos servizos municipais obrigatorios.

- c) O Plan de Emprego Local (PEL) é unha iniciativa para a promoción do emprego, o fomento do emprendemento e o desenvolvemento socioeconómico do territorio.

O Plan de Emprego Local posto en marcha en 2016, pola presente corporación, creou arredor de 8.131 novos empregados dende o seus inicios ata a actualidade e supuxo unha aposta polo emprendemento e a creación de novos postos de traballo sen precedentes na historia da Deputación da Coruña, converténdose desta forma nun dos proxectos insignia de presente goberno.

De feito, o investimento da Deputación en emprego pasou en tan só 8 anos de ser de 1 millón de euros a preto de 149 millóns de euros no ano 2024.

ORZAMENTO PEL ACUMULADO 2016-2024	
ORZAMENTO PEL 2016-24 INICIAL	90.601.224,72
ORZAMENTO PEL 2016-24 DEFINITIVO	148.718.927,64

O Plan de Emprego Local artículase en catro grandes liñas de actuación:

- PEL- CONCELLOS
- PEL- EMPRENDE (que inclúe: PEL- Empende Investimento, PEL- Autónomos, PEL- Premio provincial á mellor iniciativa empresarial e Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo que conta con 11 centros a maiores do instalado no Pazo Arenaza)
- PEL-PEMES
- PEL- FINANCIAMENTO EUROPEO

Adicionalmente ás liña de actuación contéplase a liña 5-Xestión do Plan, relativa á estrutura e funcionamento.

No que se refire aos exercicios 2025-2026, os fondos iniciais destinados ao PEL incrementáanse nun 0,55 %, pasando de 16,2 millóns a 16,3 millóns de euros.

ORZAMENTO 2025	2025	2026
PEL-CONCELLOS	3.606.000,00	3.606.000,00
PEL-EMPRENDE	6.680.000,00	6.730.000,00
PEL-PEMES	4.700.000,00	4.700.000,00
FINANCIAMENTO EUROPEO	825.000,00	825.000,00
XESTIÓN	470.000,00	510.000,00
TOTAL	16.281.000,00	16.371.000,00

A través da execución das liñas anteriores esperamos que o PEL teña un impacto significativo na estimulación do crecemento económico: mediante o fomento do emprego, o apoio ao emprendemento e o fortalecemento do tecido empresariais local, particularmente no rural.

En resumo, o Plan de Emprego Local da Deputación Provincial da Coruña ten o potencial par xerar un punto de inflexión na provincia, mellorando o benestar da poboación, acadando unha maior cohesión social e promovendo o progreso en todo o territorio.

Nunha primeira aproximación destinaranse no exercicio 2026 a estes plans mencionados un importe total de 130.744.172,05 € co seguinte detalle:

DOTACIÓN ORZAMENTARIA DOS PLANS PROVINCIAIS NO EXERCICIO 2026	
DENOMINACIÓN DO PLAN	IMPORTE
C.E.L. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) Achega anticipada 2025	47.000.000,00
C.E.L. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS+ 2026)	33.000.000,00
C.E.L. POS+ SOCIAL 2026	8.000.000,00
PLAN DE CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS	15.108.716,99
PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS	5.415.014,99
PLAN DE SENDAS PEONÍS	5.089.440,07
PLAN PROVINCIAL DE ESTRADAS A TRANSFERIR	760.000,00
PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL) 2026	16.371.000,00
TOTAL PLANS	130.744.172,05

- 2) Destinaranse importantes recursos provinciais aos convenios para investimentos municipais para mellorar as estruturas e servizos municipais que tan directamente afectan ao benestar cidadán.

Neste sentido tamén se mantén o adianto do 50% do importe das subvencións provinciais a concellos con motivo da adxudicación ou iniciación efectiva das obras ou actividades subvencionadas.

Contianuase invertindo na promoción do turismo sostible, mantendo as novas lineas creadas no exercicio pasado e traballando na execución dos Plans de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) concedidos a través de fondos Next Generation UE (Xeoparque Cabo Ortegal, Proxecto Fragas do Eume, Proxecto Os Fogóns do Anllóns, Proxecto Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle e Proxecto Centro Histórico de Ferrol e Patrimonio Militar da Costa Ártabra)

Asemade reforzase o apoio a os sectores produtivos cuns incrementos do orzamento destinados a **Promoción Económica e Medio Rural** que supoñen un 7,06% respecto do ano 2025. Mantéñense as liñas de promoción dos sectores primarios: agricultura, gandería, pesca, e créanse novas iniciativas destinadas á promoción do produto autóctono da provincia e da artesanía, dada a súa relevancia para a economía do rural.

- 3) No eido das emerxencias e da protección contra os incendios increméntase o financiamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña de unha achega de 5.336.701,26 € a 5.540.000,00 €, e mantense o financiamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES), cunha achega anual de 1.292.000,00€.
- 4) Realízase un importante esforzo no eido social para reforzar os servizos municipais, apoiar ás asociacións e entidades prestadoras destes servizos e atender as situacións de emerxencia social.

Increméntase o gasto social nun 7,29% con respecto ao orzamento de 2025 ate chegar aos 27.260.000,00 €.

- 5) Tamén se incrementan os recursos destinados a outros programas que consideramos prioritarios e preferentes, como a **promoción da igualdade**, que aumenta un 6,96% respecto ao pasado exercicio, e o **fomento da lingua galega** que incrementa a súa dotación nun 9,20% e os **programas de educación e mocidade** nun 42,84%.
- 6) Insístese no carácter prioritario da asistencia aos municipios da provincia en materias xurídicas, económicas, técnicas e urbanísticas e de modernización administrativa a través dos recursos inicialmente asignados a estes servizos para o exercicio 2026.
- 7) Continuase coa aposta decidida pola dixitalización da administración provincial e dos concellos mediante a implantación da Axenda Dixital Provincial.

Continuaremos coa ampliación da plataforma informática de xestión electrónica da Deputación e os concellos a través dos programas Concello Dixital-Transformación dixital e Concello Dixital-Padrón e seguimos traballando intensamente na mellora da ciberseguridade dos concellos.

O informe do Consello de contas de 2022 sitúa á Deputación Provincial da Coruña na vangarda da implantación da administración electrónica en Galicia, certifica que estamos no bo camiño e supón un estímulo para seguir avanzando.

Na folla de ruta da estratexia de dixitalización, continuase coa Oficina do Dato e unha Oficina de Accesibilidade e Servizos Dixitais destinadas a loitar contra a desigualdade dixital e a favorecer especialmente a dixitalización de nosa contorna rural. Isto permitirá impulsar a xestión e eficacia da administración electrónica e a aplicación das TIC para favorecer a transparencia e o acceso á información.

- 8) Proséguese investindo en facilitar o aceso á cultura a toda a cidadanía con independencia do concello onde vivan, a través dos nosos programas de subvencións e da Rede Cultura por iso, no orzamento 2026 incrementamos as dotacións orzamentarias en cultura nun 7% ata os 13.540.950,00 €.
- 9) O compromiso coa práctica do deporte, especialmente de base, reflíctese un ano mais cun incremento das partidas de deportes, nun 3,89% para o 2026 ata os 8.100.000 €.
- 10) En aplicación dos criterios indicados, no capítulo 1 de gastos de persoal recóllense as partidas necesarias para atender os compromisos e acordos adquiridos cos representantes do persoal funcionario e as que resulten das novas necesidades organizativas e operativas.

Nas previsións orzamentarias para o exercicio 2026 tomáronse en consideración as retribucións que resultan das previsións do acordo Goberno-Sindicatos 2025-2026 e dótanse dúas aplicacións independentes para atender o futuro incremento das retribucións (estimado nun 2,6% inicial) e para xestionar o complemento de carreira horizontal.

Esta situación supón un extraordinario esforzo de contención do gasto de persoal e unha optimización dos recursos dispoñibles. É o compromiso diario e a profesional dedicación do persoal ao servizo das entidades locais o que permite afrontar os retos de novas prestacións e servizos e de novas liñas de actividade e fomento.

- 11) Os destinatarios máis relevantes dos recursos provinciais son:

- a) Os concellos da provincia a través do Plan de Obras e Servizos (POS+), do Plan de Servizos Sociais (FOPPSS), e demais convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos da provincia.
- b) As empresas, os emprendedores, os autónomos e os traballadores a través do PEL e as súas diferentes liñas de actuación.
- c) Os servizos sociais municipais, provinciais e realizados a través de entidades sen ánimo de lucro (cociñas económicas, bancos de alimentos, atencións de emerxencia social, etc.) e os cidadáns.
- d) As actividades culturais, deportivas, de educación e ensino da provincia.

12) Non pode finalizarse este breve comentario sobre os gastos provinciais do exercicio 2026 sen manifestar que o incremento dos gastos correntes, capítulo II, está xustificado polas seguintes consideracións:

- a) Non todos os gastos correntes son negativos nin todos os investimentos son positivos. Aqueles gastos correntes que atenden as funcións sociais básicas como educación, ensino, atención a dependentes, servizos sociais, sanidade, seguridade, igualdade, en fin, os directamente relacionados coa atención axeitada dos servizos sociais esenciais deben achegarse aos obxectivos de calidade e eficiencia social necesarios, e son en definitiva auténticas inversións para as persoas.
- b) A evolución dos prezos dos bens e produtos necesarios para a prestación dos servizos.

13) Como é por todos sabido o proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia non inclúe ás Deputacións Provinciais entre os destinatarios do Fondo Galego de Cooperación Local; mentres as diferentes normas autonómicas séguenlles atribuíndo competencias sen cuantificación e sen dotación orzamentaria. Tamén hai que dicir que este mesmo proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma non adecúa as asignacións aos concellos ás competencias que a normativa autonómica lles atribúe e á situación económico-financeira destes. Sirva de exemplo o seguinte cadro no que se recollen os custos directos e rendementos anuais dos servizos educativos e de protección a menores, que sendo competencia exclusiva da

Comunidade Autónoma son prestados pola Deputación da Coruña. O importe anual destinado a estes servizos minora, evidentemente, os fondos asignados aos concellos da provincia.

En virtude de canto se expuxo permítome afirmar, motivada e fundadamente, que estamos en presenza dun orzamento caracterizado polas seguintes notas:

- Rigoroso e respectuoso coas normas xurídicas e cos criterios económicos de suficiencia e sustentabilidade.
- Responsable co interese xeral presente e futuro.
- Austero e realista.
- Comprometido co benestar e calidade de vida dos cidadáns.
- Socialmente sensible e orientado ao emprego.
- Dinámico e adaptativo.

CUARTO.- ORZAMENTO DAS ENTIDADES DEPENDENTES

Para dar cumprimento ao disposto na normativa básica estatal únense ao Orzamento Provincial o do ente adscrito: Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

O ORZAMENTO DO CONSORCIO

No proxecto de orzamentos para o exercicio 2026 incorpóranse os créditos necesarios para o financiamento da transferencia a prol do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, entidade na que a Deputación está asociada á Xunta de Galicia, financiando cada administración o 50 % do seu gasto, achegando cada unha 5.540.000,00 € para contribuír á loita contra os incendios e os seus efectos devastadores tan coñecidos pola sociedade galega e aos que resulta tan sensible calquera cidadán responsable.

O orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña para o exercicio 2026 concrétnanse en consolidar o cambio na forma de xestión e na

aplicación dunha táboa retributiva única e común para todos os parques de bombeiros, que garanta a igualdade de todos os que realicen iguais tarefas e a seguridade xurídica de todos.

No pleno do Consorcio do 21 de outubro de 2021 adoptáronse decisións que terán unha importante repercusión na súa xestión. Entre estas actuacións débese destacar a aprobación dun Plan de Acción 2021-2022 que incorpora un Plan de Contratación para conseguir os ambiciosos obxectivos propostos no menor período de tempo posible.

Agora estamos inmersos na tarefa de establecer un modelo compartido e estable da xestión dos incendios nas provincias con varios eixos de actuación:

- Homoxeneización e actualización das funcións, tarefas e cometidos de cada posto de traballo.
- Adecuación do cadro de persoal.
- Valoración común dos postos de traballo para adecualos ás novas funcións, tarefas e cometidos.

QUINTO.- BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2026

Pola súa banda, as Bases de execución do Orzamento manteñen unha estrutura idéntica ás do exercicio corrente e anteriores, téndose introducido algunhas modificacións para adaptalas á normativa. En síntese, a través das mesmas regúlanse as seguintes materias:

- 1) Previsións das estimacións de ingresos e gastos que se adecuarán ás que resulten finalmente da aplicación da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2026.
- 2) Normas para adaptar a xestión de subvencións dirixidas a entidades públicas e privadas ás circunstancias económicas e financeiras do exercicio 2026 coas determinacións da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, para mellorar a súa xestión e implementar a xestión electrónica.
- 3) Regúlase, así mesmo, o Fondo de Continxencia Provincial dotado con 5.131.000,00 € para atender necesidades imprevistas non discrecionais durante o exercicio, e cuxo

75% dispoñible no día 1 de outubro poderá destinarse a novos investimentos financeiramente sustentables nas condicións que permitan as normas de aplicación.

SEXTO.- PROPOSTA DE ACORDO

En virtude do todo o exposto anteriormente, de conformidade coas atribucións legais da Presidencia nesta materia, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía e Facenda e especial de Contas, que adopte o seguinte acordo:

1º Aprobar o ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA para o exercicio 2026 por importe de 256.550.000,00 € e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	27.340.335,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	63.051.981,84
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	19.326.003,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	49.969.149,80
III.- TAXAS PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	14.591.340,00	III.- GASTOS FINANCIEROS	75.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	188.921.622,00	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	69.332.025,31
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	6.013.700,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	5.131.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	256.193.000,00	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	187.559.156,95
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	7.000,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	29.424.072,05
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	39.036.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	350.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	530.771,00
IX.- PASIVOS FINANCIEROS		IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	357.000,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	68.990.843,05
TOTAL ORZAMENTO	256.550.000,00	TOTAL ORZAMENTO	256.550.000,00

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS:

ÁREA DE GASTO	Orzamento
1.- SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	3.783.165,00
2.- ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	66.725.558,62
3.- PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	36.702.198,69
4.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	87.183.413,26
9.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	62.155.664,43
0.- DÉBEDA PÚBLICA	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL	256.550.000,00

2º Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento inicialmente formado polo CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA para o exercicio 2026, para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	12.785.276,83
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	2.219.867,54
III.- TAXAS PREZ. PÚBL. E OUT. INGRESOS	4.029.644,37	III.- GASTOS FINANCEIROS	1.500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	11.080.000,00	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.000,00
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FOND. CONTINXENCIA. E OUT. IMPREVISTOS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	15.109.644,37	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	15.012.644,37
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	87.000,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	10.000,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	97.000,00
TOTAL ORZAMENTO	15.109.644,37	TOTAL ORZAMENTO	15.109.644,37

4º Aprobar o estado consolidado do Orzamento Provincial, integrado polo orzamento da Deputación Provincial e o Orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	CONSOLIDADO	CAPÍTULOS	CONSOLIDADO
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	27.340.335,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	75.837.258,67
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	19.326.003,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	52.189.017,34
III.- TAXAS PREZ. PÚBL. E OUT. INGRESOS	18.620.984,37	III.- GASTOS FINANCEIROS	76.500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	194.461.622,00	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	63.798.025,31
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	6.013.700,00	V.- FOND. CONTINXENCIA. E OUT. IMPREVISTOS	5.131.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	265.762.644,37	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	197.031.801,32
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	7.000,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	29.511.072,05
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	39.036.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	350.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	540.771,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	357.000,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	69.087.843,05
TOTAL ORZAMENTO	266.119.644,37	TOTAL ORZAMENTO	266.119.644,37

5º Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

6º Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.

7º O expediente orzamentario permanecerá a disposición pública no Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, na páxina de internet da Deputación e no Portal de Transparencia, en cumprimento do disposto na normativa estatal e autonómica de transparencia, bo goberno e acceso a información pública.

O Presidente,

Valentín González Formoso

(asinado dixitalmente)